



## CONCELLO DE VIGO

DON JOSE-RAMON RODRIGUEZ-SABUGO FERNANDEZ, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.  
CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICO: Que o Pleno deste Excmo. Concello, en sesión do día 4 de febreiro de 1991, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

### 5.- APROBACIONES DEFINITIVAS:

f). Estudio de Detalle do Polígono de Actuación Jenaro de la Fuente.

**ANTECEDENTES.**— O Pleno deste Excmo. Concello, en sesión de 7 de setembro de 1990, aprobou inicialmente o "Estudio de Detalle da Unidade de Actuación Jenaro de La Fuente", redactado polo Arquitecto D. José A. Martín Curty en xullo de 1990, de acordo coas determinacións sinaladas polos Servicios Técnicos Municipais.

Sometida a documentación a información pública, polo prazo de quince días, mediante anuncios publicados nun dos xornais de maior circulación da Provincia ("Faro de Vigo" do día 11 de xaneiro de 1991) e no "Boletín Oficial da Provincia", número 10, correspondente ó día 12 do mesmo mes de xaneiro, non se presentou reclamación ningunha.

Por acordo plenario de 5 de novembro de 1990, acordouse incluir no Catálogo do "Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar" —aprobado definitivamente na sesión de 25 de outubro pasado— o edificio denominado "Bodegas Bandeira", situado na rúa de Aragón, no listado de Elementos Exteriores, coa calificación de "Ambiental", o que supón un cambio de volume asignado no Estudio de Detalle para o ámbito da mazá 1, comprendida entre as rúas de Jenaro de La Fuente, de Extremadura, de Vizcaya e de Aragón. A Xunta de Delegados da de Compensación Urbanizadora, na súa reunión de 13 de decembro de 1990, aprobou o reformado do Estudio de Detalle, para a devandita parcela "Bodegas Bandeira", elaborado polo Técnico redactor daquel, contemplando a rehabilitación do edificio existente, coa construcción de dous sotos para aparcamento, e prantas comerciais en semisoto, baixo, primeira e segunda, sendo informado favorablemente ó axustarse as especificacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana, en canto a características volumétricas, e non resultar incompatible a rehabilitación coa protección que establece o Plan Especial de Protección.

A Comisión Informativa de Urbanismo dictamina favorablemente.  
O Secretario da Corporación emitiu informe regulamentario.

#### Proposta do Voceiro do Grupo Municipal do PSG-EG ó Pleno da Corporación:

O Sr. Costas Abreu, voceiro do Grupo Municipal do PSG-EG, formula as seguintes propostas:

- Que se introduza no estudio de detalle deste polígono a obriga dos propietarios de elementos catalogados, áinda que sexa, inicialmente, de fazer un levantamento completo dos planos do edificio e incluso dos seus elementos interiores significativos.

- Que o Concello utilice os seus mecanismos de disciplina urbanística, mesmo os que se desprendan da Lei de Reforma da Lei do Solo para rema-

3. Que se incorpore ó Estudio de Detalle un estudio sobre realoxamento das persoas afectadas pola derruba dos edificios con determinación previa de cal é o universo deses afectados.

(No momento da votación estiveron ausentes os Sres. Iglesias Alfaro, Llano de la Concha e Martínez-Herrera Escribano).

VOTACION E ACORDO.— Vótase conxuntamente a proposta do Concelleiro Sr. Costas Abreu e o dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.

—Con dezasete votos a favor dos Sres. Alvarez Salgado, Arán Hernández, Arca Fernández, Cameselle Gómez, Castedo Villar, Costas Abreu, Cotobad Tombo, Gandón Menduiña, González Magariños, González Príncipe, Jorge Regueira, Martínez Núñez, Nieto Figueroa, Pedrido Fráiz, Porteiro García, Santomé Otero e a Presidencia, dous votos en contra dos Sres. Alvite Sanmartín e Lago Castro, e cinco abstencións dos Sres. Alonso Gil, Figueroa Vila, Garrido González, Mantilla Rodríguez e Pinal García, acórdase:

Primeiro.— Aprobar definitivamente o "ESTUDIO DE DETALLE DA UNIDADE DE ACTUACION JENARO DE LA FUENTE", de acordo coas determinacións sinaladas na súa aprobación inicial e coas contidas no reformado, elaborado polo Arquitecto redactor daquel e aprobado pola Xunta de Compensación Urbanizadora na súa xuntanza de 13 de decembro de 1990, para a mazá número 1, comprendida entre as rúas de Jenaro de La Fuente, de Extremadura, de Vizcaya e de Aragón ("Bodegas Bandeira").

Segundo.— 1. Que se introduza no estudio de detalle deste polígono a obriga dos propietarios de elementos catalogados, áinda que sexa inicialmente, de facer un levantamento completo dos planos do edificio e incluso dos seus elementos interiores significativos.

2. Que o Concello utilice os seus mecanismos de disciplina urbanística, mesmo os que se desprendan da Lei de Reforma da Lei do Solo para rematar con algunas ocupacións ilegais de dominio público que dificultan o encaixe do previsto no Estudio de Detalle cos seus elementos inmediatos.

3. Que se incorpore ó Estudio de Detalle un estudio sobre realoxamento das persoas afectadas pola derruba dos edificios con determinación previa de cal é o universo deses afectados.

Terceiro.— Proceder á publicación deste acordo no "Boletín Oficial da Provincia" para a súa efectividade, dando traslado do mesmo á Comisión Provincial de Urbanismo.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, en Vigo, a dezaseis de decembro de mil novecentos noventa e un.

Vº e Pr.,  
O Alcalde,

